

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Subdirector de Internacional do Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante IGAPE)

EXPON:

- Que a Asociación de Empresarios Galegos de Madrid (en adiante AEGAMA) e o IGAPE están interesados en colaborar para a consecución de obxectivos comúns.
- Que serán obxectivos fundamentais desta colaboración a información e detección de oportunidades de negocio entre os seus membros e asociados, o establecemento de alianzas comerciais, tecnolóxicas e profesionais, así como a realización de investimentos individuais ou conxuntos en Galicia.
- Que motívase a utilización da figura do convenio de colaboración en que a AEGAMA é a única asociación que agrupa colectivamente os intereses multisectoriais dos empresarios galegos en Madrid.
- Que mediante un convenio o IGAPE non encomenda unha xestión de servizos a AEGAMA, senón que traza un marco de colaboración no que une as experiencias e eidos de competencias de cadaquén para acadar un fin común de interese público como é o de robustecer e consolidar a relación entre empresarios galegos de Galicia e empresarios galegos de Madrid.
- Que para a realización das actuacións obxecto deste convenio o IGAPE propón financiar como máximo 40.000 €, con cargo á partida orzamentaria 06.A1.741A.6400, distribuídos nas anualidades que se indica a continuación:

ANUALIDADE	CONTRIBUCIÓN MÁXIMA
2021	20.000 €
2022	20.000 €

- Se propón un convenio que teña unha duración ata decembro de 2022, podendo prorrogarse por un ano adicional, ata decembro de 2023, previo acordo das partes.

Polo exposto proponse a sinatura dun convenio de colaboración entre o IGAPE e a AEGAMA.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2021

O Subdirector de Internacionalización do IGAPE

Leopoldo Yeste Sánchez